

2. A anotación das sancións interesadas polas autoridades xudiciais ou outras autoridades administrativas será realizada pola Xefatura de Tráfico da súa demarcación, salvo que se estableza un sistema informático polo que se poida realizar directamente nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6933 *ORDE APA/771/2003, do 26 de marzo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros. («BOE» 82, do 5-4-2003.)*

O Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros, incorporou ó noso ordenamento a Directiva 1999/90/CE, do Consello, do 15 de novembro, pola que se modifica a Directiva 90/539/CEE relativa ás condicións de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros.

No artigo 15 do dito real decreto dispónse que as aves de curral e os ovos para incubar que sexan obxecto de intercambios intracomunitarios deberán ir acompa-

ñados, durante o seu transporte cara ó lugar de destino, dun certificado sanitario conforme o modelo correspondente previsto no seu anexo III.

A Decisión 2001/867/CE, do 3 de decembro de 2001, que modifica a Directiva 90/539/CE do Consello, polo que se refire ós certificados sanitarios necesarios para o comercio intracomunitario de aves de curral e de ovos para incubar, introduciu certos cambios nos modelos de certificados para incluír información sobre a vacinación contra a enfermidade de Newcastle. Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directa desta decisión, por razóns de seguridade xurídica, considérase conveniente modifica-lo anexo III co obxecto de reflecti-los cambios introducidos na dita norma comunitaria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores implicados.

Esta orde dítase ó abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 1888/2001, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modifica-los seus anexos para a súa adaptación ás normas comunitarias.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo III do Real decreto 1888/2000.*

O anexo III do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros, substitúese polo que figura como anexo desta disposición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de marzo de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO


«ANEXO III

Certificados sanitarios para os intercambios intracomunitarios

MODELO 1

REINO DE ESPAÑA


OVOS PARA INCUBAR

CERTIFICADO SANITARIO	
1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	Nº Orixinal
2. Estado membro de orixe:	
3. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial - Final	4.1. Autoridade competente: 4.2. Autoridade local competente:
<i>Observacións:</i> a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de ovos para incubar.	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.
5.1. Lugar de carga: 5.2. Medio de transporte (1):	6.1. Enderezo da granxa onde se recollen os ovos: 6.2. Número de autorización da granxa:
7.1. Estado membro de destino: 7.2. Destino final:	8.1. Especie de ave: 8.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (2):
9. Identificación do envío (incluídos os número de precinto dos contedores):	
10. Cantidade (en cifras e letras): 10.1. Número de ovos: 10.2. Número de contedores/caixas:	11.1. Data de recollida: 12.1. Identificación da manda de orixe: 12.2. Marca:
13. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que os ovos para incubar anteriormente descritos:	
a) Cumpren as disposicións dos artigos 6, 7 e 15 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigos 4, 5 e 13 do Real decreto 1888/2000);	
b) Cumpren as disposicións da alínea a) do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1.a do Real decreto 1888/2000) (3);	
c) Cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CEE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con [específíque(n)se a(s) enfermidade(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (2)];	
d) -proceden de aves de curral que non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); - proceden de aves de curral que foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de:	
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:
Feito en....., o.....	
 (Sinatura do veterinario oficial) (4) (Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)
(1) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda.	
(2) Rísquese o que non proceda:	
(3) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos.	
(4) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.	

MODELO 2

REINO DE ESPAÑA


PITOS DUN SÓ DÍA

1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	CERTIFICADO SANITARIO	
	Nº	Orixinal
2. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial: - Final:	3. Estado membro expedidor: 4. En caso de proceder de ovos para incubar importados (1) (2): 4.1. País de orixe: 4.2. Nº do certificado zoosanitario adxunto:	
5. Lugar de carga:	6.1 Autoridade competente: 6.2. Autoridade local competente:	
7. Medio de transporte (3):	8.1. Enderezo da(s) granxa(s) de incubación: 8.2. Número de autorización da granxa:	
9.1. Estado membro de destino: 9.2. Destino final:	10.1. Especie de ave: 10.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (1): 10.3. Data de nacemento:	
9.1. Estado membro de destino: 9.2. Destino final:	10.1 Especie de ave: 10.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (1): 10.3. Data de nacemento:	
11. Identificación do envío (incluídos os números de precinto dos contedores):	12. Cantidadade (en cifras e letras): 12.1. Número de animais: 12.2. Número de caixóns ou gaiolas:	
Observacións: a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de pitos dun día	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.	
13. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que pitos dun día anteriormente descritos:		
a) Cumpren:		
i) ben as disposicións dos artigos 6, 8 e 15 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigos 4, 6 e 13 do Real decreto 1888/2000) (1);		
ii) ben, en caso de proceder de ovos para incubar importados de acordo cos requisitos do modelo B da Decisión 96/482/CE da Comisión, as disposicións do punto 1 do artigo 6 e das alíneas b) e c) do artigo 8 da Directiva 90/539/CEE do Consello (punto 1 do artigo 4, e alíneas b e c do artigo 6 do Real decreto 1888/2000) (1) (2);		
b) cumpren as disposicións da alínea b) do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1.b. do Real decreto 1888/2000) (4);		
c) cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con..... [especificque(n)se a(s) enfermidade(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (1)];		
d) - non foron vacinados contra a enfermidade de Newcastle (1); - proceden de aves de curral que foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (1); - foron vacinados contra a enfermidade de Newsactle (1) por medio de: - proceden de aves de curral que foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (1) por medio de:		
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:	
Feito en.....o.....		
 Selo (5) (Sinatura do veterinario oficial) (4) (Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)	
(1) Rísquese o que non proceda.		
(2) No caso de que os pitos dun día procedan de ovos importados dun país terceiro, deberá cumprirse o período de illamento na explotación de destino previsto no artigo 3 da Decisión 96/482/CE da Comisión. As autoridades competentes do lugar de destino final dos pitos dun día deberán ser informadas acerca deste requisito a través da rede ANIMO.		
(3) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda.		
(4) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos.		
(5) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.		

MODELO 3

REINO DE ESPAÑA

AVES DE CURRAL DE CRÍA DE EXPLOTACIÓN

CERTIFICADO SANITARIO	
1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	Nº Orixinal
	2. Estado membro de orixe:
3. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial - Final	4.1. Autoridade competente: 4.2. Autoridade local competente:
<i>Observacións:</i> a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de aves de curral.	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.
5.1. Lugar de carga: 5.2. Medio de transporte (1):	6.1. Enderezo da granxa de orixe: 6.2. Número de autorización da granxa:
7.1. Estado membro de destino: 7.2. Destino final:	8.1. Especie de ave: 8.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (2):
9. Identificación do envío (incluídos os número(s) de precinto dos contedores):	
10. Cantidade (en cifras e letras): 10.1. Número de aves: 10.2. Número de contedores/caixas:	11.1. Identificación da manda de orixe: 11.2. Marca:
12. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que as aves de curral anteriormente descritas:	
(a) cumpren as disposicións dos artigos 6, 9 e 15 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigos 4, 7 e 13 do Real decreto 1888/2000);	
(b) cumpren as disposicións da alínea a) do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1.b do Real decreto 1888/2000) (3);	
(c) cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con..... [específíque(n)se a(s) enfermidades(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (2)];	
(d) -proceden de aves de curral que non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); - proceden de aves de curral que foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de:	
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:
Feito en....., O.....	
 (Sinatura do veterinario oficial) (4) (Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)
(1) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda.	
(2) Rísquese o que non proceda.	
(3) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos.	
(4) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.	


e

MODELO 4

REINO DE ESPAÑA

AVES DE CURRAL, PITOS DUN DÍA E OVOS
PARA INCUBAR EN LOTES DE MENOS DE 20


(agás as ráticas e os seus ovos para incubar)

1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	CERTIFICADO SANITARIO	
	Nº	Orixinal
2. Estado membro de orixe:		
3. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial - Final	4.1. Autoridade competente: 4.2. Autoridade local competente:	
Observacións: a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de aves de curral, pitos dun día ou ovos para incubar.	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.	
5.1. Lugar de carga: 5.2. Medio de transporte (1):	6.1. Enderezo da granxa ou explotación de orixe: 6.2. Número de autorización da granxa (se procede):	
7.1. Estado membro de destino: 7.2. Destino final:	8.1. Especie de ave: 8.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (2):	
9. Identificación do envío (incluídos os números de precinto dos contedores):		
10. Cantidade (en cifras e letras): 10.1. Número de ovos e aves: 10.2. Número de contedores/caixas:	11.1. Data de recollida (no caso dos ovos): 11.2. Idade aproximada (no caso das aves)	
12.1. Identificación das mandas de orixe:		
13. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que: (a) as aves de curral, os pitos dun día ou os ovos para incubar anteriormente descritos cumpren as disposicións do artigo 11 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 10 do Real decreto 1888/2000); (b) as aves de curral, os pitos dun día ou os ovos para incubar anteriormente descritos cumpren as disposicións do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1 do Real decreto 1888/2000) (3); (c) as aves de curral, os pitos dun día ou os ovos para incubar anteriormente descritos cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con..... [especifica(n)se a(s) enfermidade(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (2)]; (d) as aves de curral/os pitos dun día (2) non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); as aves de curral/os pitos dun día (2) foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de: as aves de curral das que proceden os pitos dun día/os ovos para incubar (2) non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); as aves de curral das que proceden os pitos dun día/os ovos para incubar (2) foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de:		
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:	
Feito en....., o.....		
		(Sinatura do veterinario oficial) (4)
(Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)		
(1) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda.		
(2) Rísquese o que non proceda.		
(3) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos.		
(4) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.		

MODELO 5

REINO DE ESPAÑA


AVES DE CURRAL PARA MATADOIRO

CERTIFICADO SANITARIO	
Original	
1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	Nº
	2. Estado membro de orixe:
3. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial - Final	4.1. Autoridade competente: 4.2. Autoridade local competente:
<i>Observacións:</i> a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de aves de curral.	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.
5.1. Lugar de carga: 5.2. Medio de transporte (1):	6.1. Enderezo da granxa ou explotación de orixe: 6.2. Número de autorización da granxa (se procede):
7.1. Estado membro de destino: 7.2. Destino final:	8.1. Especie de ave: 8.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (2):
9. Identificación do envío (incluídos os números de precinto dos contedores):	
10. Cantidad (en cifras e letras): 10.1. Número de aves: 10.2. Número de contedores/caixas:	11. Idade aproximada das aves: 12.1. Identificación da manda de orixe: 12.2. Marca:
13. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que as aves de curral anteriormente descritas: (a) cumpren as disposicións dos artigos 10 e 15 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigos 8 e 13 do Real decreto 1888/2000); (b) cumpren as disposicións da alínea d) do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1.d do Real decreto 1888/2000) (3); (c) cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con[especificque(n)se a(s) enfermidade(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (2)]; (d) non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de:	
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:
Feito en.....o.....	
 (Sinatura do veterinario oficial) (4) (Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)
(1) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda. (2) Rísquese o que non proceda. (3) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos. (4) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.	

MODELO 6

REINO DE ESPAÑA

AVES DE CURRAL PARA SUBMINISTRACIÓN DE
ESPECIES DE CAZA PARA REPOBOACIÓN

1. Expedidor (nome, apelidos e enderezo completo)	CERTIFICADO SANITARIO	
	Nº	Orixinal
2. Estado membro de orixe:		
3. Destinatario (nome, apelidos e enderezo completo): - Inicial - Final	4.1. Autoridade competente:	
	4.2. Autoridade local competente:	
<i>Observacións:</i> a) Presentarase un certificado á parte por cada envío de aves	b) O orixinal do certificado deberá acompañalo envío ata o seu lugar de destino final.	
5.1. Lugar de carga:	6.1. Enderezo da granxa ou explotación de orixe:	
5.2. Medio de transporte (1):	6.2. Número de autorización da granxa (se procede):	
7.1. Estado membro de destino:	8.1. Especie de ave:	
7.2. Destino final:	8.2. Categoría: liña pura/avós/pais/pitas poñedoras/engorda/outros (2):	
9. Identificación do envío (incluídos os números de precinto dos contedores):		
10. Cantidade (en cifras e letras): 10.1. Número de aves: 10.2. Número de contedores/caixas:	11. Idade aproximada (das aves)	
	12. Identificación das mandas de orixe:	
13. O veterinario oficial que asina abaixo certifica que as aves de curral anteriormente descritas:		
(a) cumpren as disposicións dos artigos 10 bis e 15 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigos 9 e 13 do Real decreto 1888/2000);		
(b) cumpren as disposicións da alínea c) do punto 1 do artigo 12 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 11.1.c do Real decreto 1888/2000) (3);		
(c) cumpren as disposicións da(s) Decisión(s) .../.../ CE da Comisión relativa(s) ás garantías complementarias en relación con [especifique(n)se a(s) enfermidade(s) de acordo cos artigos 13 ou 14 da Directiva 90/539/CEE do Consello (artigo 12 do Real decreto 1888/2000) (2)];		
(d) non foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2); foron vacinadas contra a enfermidade de Newcastle (2) por medio de:		
Data de vacinación:	Nome e tipo (viva ou inactivada) de vacina e cepa vírica utilizada:	
Feito en....., o.....		
 Selo (4) (Sinatura do veterinario oficial) (4)	
..... (Nome e apelidos en maiúsculas, cualificación e cargo)		
(1) Indíquese o medio de transporte e o número de matrícula ou o nome rexistrado, segundo proceda.		
(2) Rísquese o que non proceda.		
(3) Certifíquese en caso de envío a un Estado membro con estatuto de Estado membro que non practica a vacinación contra a enfermidade de Newcastle, autorizado pola CE, a saber Dinamarca, Finlandia e Suecia na actualidade; rísquese a mención nos demais casos.		
(4) A cor do selo e da sinatura deberá ser distinta da da tinta de impresión do certificado.		